



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS

Anuncio

Acordo do 30 de abril de 2024, da Dirección Territorial da Consellería de Economía e Industria de Lugo, polo que se someten a información pública o plan de restauración e o proxecto de explotación presentados xunto coa solicitude de prórroga da concesión de explotación de recursos mineiros da sección C) denominada "La Ilusión Fracción 1ª" número 5356.1.1, situada nos termos municipais de Quiroga e Folgoso do Courel, na provincia de Lugo.

En cumprimento do disposto no artigo 6 do Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, sométese ao trámite de información pública o plan de restauración e o proxecto de explotación presentados por Pizarras de Villarbacú, S.L. xunto coa solicitude de prórroga da concesión de explotación de recursos mineiros da sección C) denominada "La Ilusión Fracción 1ª" número 5356.1.1, situada nos termos municipais de Quiroga e Folgoso do Courel, na provincia de Lugo.

O que se fai público facendo constar que, durante o prazo de trinta (30) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, o plan de restauración e o proxecto de explotación atópanse dispoñibles ao público, para a súa consulta, no Servizo de Enerxía e Minas da Dirección Territorial da Consellería de Economía e Industria de Lugo, e no portal web da dita Consellería <https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/explotacions-mineiras>

As posibles alegacións presentaranse durante o prazo sinalado, dirixidas ao director territorial, en calquera das oficinas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugo, 30 de abril de 2024.- O director territorial de Lugo, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 1367

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 07/05/2024, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de Febreiro da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 23/06/2024. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 13 de maio de 2024.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1369

CHANTADA*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 09/05/2024 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo madrugadores correspondentes a abril 2024.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo madrugadores correspondentes a abril 2024 terá lugar neste municipio dende o día 10 de maio de 2024 ata o día 9de xullo 2024.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 9 de maio de 2024.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodriguez.

R. 1372

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 25/04/2023 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes aabril2023.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes abril 2024 terá lugar neste municipio dende o día 26 de abrilde 2024 ata o día 26de xuño de 2024.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 25 de abril de 2024.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodriguez.

R. 1373

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 25/04/2024aprobose o Padrón de contribuíntesobrigadosao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogarcorrespondente a marzo 2024.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axudano fogarcorrespondente a marzo do 2024terá lugar neste municipio dende o día 26 de abrilde 2024ata o día 26 de xuño de 2024.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidadecodisposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Leixa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeralcoñecemento e cumprimento.

Chantada, 25 de abril de 2024.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodriguez.

R. 1374

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

En data luns, 6 de Maio de 2024, publicouse de xeito erróneo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 104 anuncio de aprobación definitiva do Orzamento Xeral desta entidade, que se rectifica polo presente, que conta co seguinte teor:

De conformidade cos artigos 112 da Lei 7/1985, do 2 de abril e 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o Concello en Pleno en sesión ordinaria celebrada o 23/02/2024 adoptou o acordo de aprobación inicial do Orzamento Xeral desta entidade para o exercicio económico de 2024, **que resultou definitivotra-la resolución da reclamación presentada durante o período de exposición pública, por acordo de Pleno celebrado en data 26/04/2024.**

Faise público que o Orzamento ascende, en ingresos e gastos á cantidade de **1.500.000,00 €** correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte detalle:

Asimesmo, tamén se acordou aprobar o cadro de persoal desta Corporación que, de conformidade co que preceptúa o art. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, se reproduce a continuación:

ESTADO DE GASTOS	
CAPITULO 1: GASTOS DE PERSOAL	864.371,99
CAPITULO 2: GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	313.687,55
CAPITULO 3: GASTOS FINANCIEROS	400,00

CAPITULO 4: TRANSFERENCIAS CORRENTES	29.567,00
CAPITULO 6: INVERSIÓN REAIS	287.852,23
CAPÍTULO 7: INCREMENTOS REAIS	4.121,23
CAPITULO 8: ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
CAPITLO 9: PASIVOS FINANCIEROS	0,00
T O T A L	1.500.000,00
ESTADO DE INGRESOS	
CAPITULO 1: IMPOSTOS DIRECTOS	186.700,00
CAPITULO 2: IMPOSTOS INDIRECTOS	11.121,25
CAPITULO 3: TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	91.049,00
CAPITULO 4: TRANSFERENCIAS CORRENTES	879.630,00
CAPITULO 5: INGRESOS PATRIMONIAIS	2.500,00
CAPITULO 6: ENAXENACIÓN DE INVERSIÓN REAIS	0,00
CAPÍTULO 7:TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	328.999,75
CAPITULO 8: ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
CAPITLO 9: PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL	1.500.000,00

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA				
Denominación	Nº plazas	Grupo	CD	Situación
SECRETARIO INTERVENTOR	1	A1	28	Ocupada
AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	1	A1	22	Ocupada
TRABALLADOR SOCIAL	1	A2	21	Ocupada
OFICIAL RESPONSABLE DE SERVICIOS MULTIPLES	1	C2	16	Ocupada
AUXILIAR ADMINISTRATIVO 001	1	C2	18	Vacante en proceso de cobertura definitiva
AUXILIAR ADMINISTRATIVO 002	1	C2	18	Vacante
B) PERSOAL LABORAL INDEFINIDO				
Denominación	Nº plazas	Xornada	Situación	
Conserxe-Limpiadora colexio	1	Completa	Ocupada	
Auxiliar do servizo de axuda no fogar	7	Completa	Ocupadas	
Auxiliar do servizo de axuda no fogar	2	Completa	Vacantes	
Peón Grupo Emerxencia Supramunicipal (Convenio)	6	Completa	Ocupadas	

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra a aprobación definitiva do orzamento municipal poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na forma e prazos que establece a Ley 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de la Jurisdicción Contencioso-administrativa.

Folgozo do Courel, 10 de maio de 2024.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 1350

GUITIRIZ

Anuncio

Instrucións de chamamentos en relación ás bolsas de emprego aplicables a todos os postos do Concello de Guitiriz.

Por resolución de XGL de data 08/05/2024 aprobouse a seguinte modificación en relacións ás instrucións de chamamento e renuncia das bolsas de emprego.

Modifícase o artigo 8.4 da bolsa de emprego de administrativos/as e da bolsa de emprego de conserxe. O artigo 7.3 da bolsa de emprego de auxiliares de SAF e o artigo 6ª das bolsas de emprego de peón de servizos múltiples, peón condutor de servizos, auxiliar de xeriatría, operario de centro de día, limpador/a, técnico/a de PAI, todos eles en relación ás instrucións de chamamento e de renuncia das bolsas de emprego, quedando redactados do seguinte xeito:

<<Funcionamento da bolsa de emprego:

-Chamamentos:

Os chamamentos para un posto de traballo realizaranse seguindo a orde da bolsa de emprego de forma telefónica ao número de teléfono indicado na instancia presentada para participar no proceso selectivo

O persoal responsable deberá acreditar no expediente que se intentou contactar cos candidatos correspondentes da bolsa de emprego cun mínimo de dous intentos por teléfono en horas distintas, informando por escrito dos que renunciaron, dos que non contestaron ao chamamento, e do/a candidato/a que acepta o posto de traballo.

Cada vez que vaia a contratarse a unha persoa para un posto de traballo comezarase a chamar aos candidatos/as polo seguinte ao contratado no último chamamento. Os traballadores poderán traballar un máximo de 9 meses ata a nova renovacións das bolsas de emprego. Chamarase ao seguinte candidato no caso de que o aspirante teña cumprido ese período.

-Renuncias:

Se algún/algunha candidato/a non contesta entenderase que renuncia ao posto e seguirase chamando aos seguintes do listado co fin de axilizar e non paralizar o proceso de contratación.

A renuncia ao posto pode realizarse de forma oral, por escrito no rexistro xeral, Fax, enderezo electrónico, ou calquera outro medio no que quede constancia no Concello, non sendo necesario acreditar a causa pola que renuncia ao posto. Dúas renuncias expresas aos chamamentos implicarán a expulsión da bolsa. No caso de que non se conteste aos chamamentos, para ser expulsado das bolsas teranse en conta 5 chamamentos non contestados.

No suposto de non contestar ao chamamento (telefónico ou por enderezo electrónico) no mesmo día, entenderase a todos os efectos que renuncia ao posto, manténdose na mesma posición da lista, salvo que proceda á súa expulsión da bolsa.

Aqueles aspirantes que tendo un contrato de traballo en vigor co Concello de Guitiriz, renuncien ao contrato pasarán ao último posto da bolsa, agás que este cese responda á aceptación doutra oferta de traballo no propio Concello

Os aspirantes, poderanse poñer na situación de “non dispoñible”, e así non serán chamados durante o tempo que estén en esa situación. Tanto a situación de “non dispoñible” como o cambio activo deberá solicitarse polo intercedado. As causas xustificadas para poder activarse nesa situación serán as seguintes:

- Parto, permiso por nacemento, adopción ou acollemento, permiso de paternidade, risco durante o período de lactación natural e situacións asimiladas.
- Incapacidade temporal transitoria por continxencias comúns ou profesionais, acreditando co correspondente parte de baixa médica.
- Estar en situación de servizo activo noutra Administración Pública.
- Estar nalgunha das situacións de servizos especiais incluídas no ámbito de aplicación da Lei 2/2015, de 29 de abril do emprego público de Galicia.
- Ter un contrato de traballo nunha empresa privada ou exercer de autónomo.

- Coidado dun familiar ata segundo grado, cando se este, por razóns de idade, accidente ou enfermidade non puidera valerse por si mesmo e non desenvolva unha actividade retribuída.>>

Estes preceptos entran en vigor ao día seguinte da publicación no BOP

Guitiriz, 10 de Maio de 2024.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 1351

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas ABRIL 2024 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 29.04.2024 aprobouse o padrón da Taxa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas correspondente ao mes de abril 2024.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 22.05.2024 ata o 22.07.2024.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 30 abril de 2024.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1377

OUTEIRO DE REI

Anuncio

José Pardo Lombao, alcalde do Concello de Outeiro de Rei (Lugo)

En data 25 de abril de 2024 o pleno da Corporación de Outeiro de Rei aprobou, por maioría absoluta, a seguinte proposta, previamente ditaminada pola Comisión de Asuntos do Pleno.

“MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

Como consecuencia da Baixa por xubilación do titular da praza de Vixiante do Concello de Outeiro de Rei, número 01.1 do documento da Relación de Postos de Traballo modificado e publicada a modificación aprobada definitivamente no BOP de Lugo de 5 de abril de 2022, detectouse por parte do goberno municipal a necesidade de adaptar as funcións reais que se levaban a cabo por parte de quen desempeñaba ese posto e as que reflicen o catálogo de postos.

Con base nisto e aproveitando que na actualidade o posto atópase vacante, procédese á platexar ao Pleno da Corporación a modificación das funcións do posto Vixiante, número 01.1 para adaptalas á realidade e as necesidades deste Concello.

Denominación do posto:

Vixiante

Número 01.1

Funcións:

- .-Recepción, porteiro, atención e información aos usuarios.
- .-Apertura e peche de centros ou unidades, e levantamento de informes ou actas en relación cos mesmos.
- .-Funcións de mantemento e apoio xeral.
- .-Vixilancia e inspección do cumprimento da normativa municipal.
- .-Custodiar e vixiar bens, servizos, instalacións e dependencias municipais.
- .-Velar polo cumprimento de regulamentos, ordenanzas e demais disposicións
- .-Controlar e verificar o bo funcionamento do mobiliario, control de colocación de contenedores, instalacións, materiais, etc, das dependencias, avisando das avarías ou danos.
- .-Facer chegar aos servizos municipais correspondentes e con toda claridade calquera incidencia que se produza á vía pública que haxa que ser resolta (sinais en mal estado, vandalismo, danos no mobiliario urbano, farolas, avarías á rede de augas, etc...) Comprobación periódica da súa resolución.
- .-Facer chegar aos servizos municipais información sobre espazos sucios e en mal estado, patios con exceso de vexetación en vías públicas e incidencias en parques e xardíns, verquidos, cumprimento da xestión da biomasa e outros similares.
- .- Emisión de informes básicos en relación coa súa actuación inspectora e especialmente co disposto nos apartados anteriores.
- .-Calquera outra de contido análogo ou relacionada coas funcións anteriores.

Por outra banda, o enorme volumen de traballo deste Concello de Outeiro de Rei conleva a necesidade de crear unha praza de auxiliar administrativo adscrito ao servizo de Secretaría e con apoio ás funcións de Intervención

Faise por elo necesario modificar a Relación de Postos de Traballo para a creación deste novo posto que se describe do seguinte xeito:

Denominación: Auxiliar Administrativo

Número 03.6

Funcións:

- .- Posto de traballo que entraña a realización de distintos tipos de trámites burocráticos e atender ao público, de acordo á lexislación vixente e as ordes do superior xerárquico, para axilizar e facilitar aos cidadáns o acceso aos recursos dispoñibles e á información.
- Realizar actividades de apoio administrativo, conforme instrucións recibidas, en todo aquel expediente que así sexa indicado por parte de superior xerárquico.
- Arquivar, rexistrar e catalogar expedientes ou documentos da dependencia.
- Facilitar ao cidadán a información de carácter xeral relativa á súa unidade.
- Realizar as funcións comúns ao exercicio da actividade, especialmente aquelas de carácter mecanográfico, de cálculo sinxelo, arquivo, rexistro e similares; as de atención ao cidadán, ben sexan presencial ou telemática, a xestión de arquivos e documentación, gravación e mantemento de bases de datos, así como funcións de apoio ao resto de membros das unidades administrativas nas que presten servizo.
- Responder e realizar chamadas telefónicas.
- Manexar ferramentas ofimáticas básicas.
- Ordenar, numerar, encadernar e/o dixitalizar expedientes.
- Aplicar á tramitación e xestión, os medios tecnolóxicos postos á súa disposición para facilitar o acceso e a tramitación electrónica
- Formular índices, controlar e distribuír material.
- Realizar calquera tarefa que, relacionada directamente co posto de traballo, sexa preciso para un mellor desempeño de mesmo.

Horario: ordinario-Xornada continua.

Maquinaria: ofimática

Clase: Funcionario, Grupo C2, Complemento de destino; 16, complemento específico (14 pagas) o establecido para os postos 03.3 e 04.3 da Relación de Postos de Traballo, actualizado.

Con base no anterior e á vista de todos os documentos obrantes no expediente propoño ao Pleno do Concello de Outeiro de Rei:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación da Relación de Postos de Tráballo (última modificación aprobada definitivamente e publicada no BOP de Lugo o día 5 de abril de 2022) no que se refire á modificación das funcións do posto de Vixiante e a creación do posto 03.6 de auxiliar administrativo.

2º.- Aprobada inicialmente procede publicación do acordo no Boletín Oficial da Provincia e exposición o público por un período de vinte días conforme establece o artigo 202 da lei de Función Pública de Galicia

Outeiro de Rei, 9 de maio de 2024.- O alcalde, José Pardo Lombao.

R.1355

VILALBA

Anuncio

Procedemento: Plan municipal de prevención de incendios forestais

Expediente número: 3846/2022

Asunto: Anuncio no Boletín oficial da provincial relativo á aprobación definitiva do Plan municipal de prevención de incendios forestais

Mediante o presente, e de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública, infórmase que mediante resolución da alcaldía de data do 8 de maio do 2024 á proposta formulada polo concelleiro don Luis Fernández Álvarez con código PR/2024/791, foi aprobado definitivamente o plan municipal de prevención de incendios redactado pola Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A con CIF A12017207.

O texto íntegro do referido documento pode ser consultado polos interesados na sede electrónica da Corporación, tanto no taboleiro de anuncios, ata do cinco de xullo, coma no portal de transparencia.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación, de conformidade cos artigos 123 e 124 LPAC, ou ben interpor directamente recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo (artigo 8 Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa) , no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación de conformidade co artigo 46 da Lei da xurisdición Contencioso-Administrativa.

Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso Contencioso-Administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producira a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor vostede calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Vilalba, 10 de maio do 2024.- A alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 1360

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – XERMADE

Anuncio

APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS A FAMILIAS POLO NACEMENTO, ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO DE FILLO/A, ANO 2023-2024. EXPTE. 84/2024.

BDNS (Identif.): 760241

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la [Base de Datos Nacional de Subvenciones \(https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/760241\)](https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/760241)

APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS A FAMILIAS POLO NACEMENTO, ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO DE FILLO/A, ANO 2023-2024. EXPTE. 84/2024.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Xermade, aprobou, na sesión ordinaria que tivo lugar o 17/04/2024, as bases e a convocatoria pública de subvencións municipais a familias polo nacemento, adopción ou acollemento de fillo/a para o ano 2023/2024, cuxo texto íntegro se transcribe de seguido:

1.- DISPOSICIÓNS XERAIS

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e os procedementos para a concesión de subvencións municipais do Concello de Xermade, por nacemento, adopción ou acollemento de fillo/a no presente exercicio.

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento de subvencións son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións.

A concesión das subvencións previstas nas presentes bases tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tal e como se define nas Bases da 44 a 51 de Execución do Orzamento.

2.- OBXECTO, FINALIDADE E FINANCIAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas polo nacemento, adopción ou acollemento de fillo/a.

Establécese na base de execución do orzamento 51 unha subvención de 900,00 € por neno/a nacido/a no Concello do 1 de decembro de 2023 ao 30 de novembro do ano 2024, sempre que se solicite polos proxenitores e se acredite un empadroamento dun destes no Concello dende o 1 de xaneiro de 2023, debendo a crianza cumprir os seguintes requisitos:

1º. Permanecer inscrito no padrón polo prazo mínimo de tres (3) anos.

2º. Matricularse no CEIP de Xermade en 4º de Educación Infantil ou no curso que corresponda, no caso de adopción ou acollemento.

No caso de que se incumpra algún destes requisitos, procederá o reintegro da subvención.

A dotación orzamentaria é de sete mil douscentos (7.200,00€) euros.

O gasto derivado das subvencións outorgadas por actuacións recollidas neste apartado imputarase á partida 231.480 do Orzamento Xeral do Concello de Xermade para o ano 2024.

No caso de que quedaren sen atender subvencións por nenos/as nacidos/as no exercicio anterior por falta de crédito orzamentario, atenderase prioritariamente ás mesmas sempre que cumpran os mesmos requisitos referidos ó exercicio anterior. Atenderase á subvención por orde de data de nacemento.

Os/As nenos/as nacidos en decembro de 2024 terán prioridade no outorgamento de subvencións no vindeiro exercicio.

3.-BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nas presentes Bases os proxenitores de fillos/as nados/as do 1 de decembro de 2023 ao 30 de novembro do ano 2024, sempre que conste acreditado o empadroamento dun destes no Concello dende o 1 de xaneiro de 2023 (coa excepción da base anterior), debendo o nacido cumprir os seguintes requisitos:

1º. Permanecer inscrito no padrón polo prazo mínimo de tres (3) anos.

2º. Matricularse no CEIP de Xermade en 4º de Educación Infantil ou no curso que corresponda, no caso de adopción ou acollemento.

No caso de que se incumpra algún destes requisitos, procederá o reintegro da subvención.

Asemade deberán acreditar:

Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Xermade, salvo que se lle concedese excepcionalmente prórroga ou ben tivese desistido de forma motivada e por escrito.

Estar ó corrente das obrigas tributarias co Concello de Xermade, coa administración Estatal, autonómica e a Seguridade Social

Non estar incursas en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003, e concordantes da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

4.- PROCEDIMENTO DE SOLICITUDE

4.1.- Prazo: As solicitudes deberán presentarse a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio de exposición das Bases no Boletín Oficial da Provincia, ata o 30 de novembro de 2024.

4.2.- Lugar: Rexistro Xeral do Concello de Xermade de 9:00h a 14:00h ou calquera dos rexistros previstos no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4.3.- Documentación que se deberá xuntar:

1. Solicitude, segundo modelos normalizados que se facilitará polo Concello, asinada polos proxenitores da crianza, ou por quen teña conferida a tutela, e acompañada de fotocopia do DNI e do libro de familia. O empadramento dos pais verificarase de oficio polo Concello.

2. Certificado de empadramento da crianza.

3. Certificación dos datos bancarios das persoas solicitantes.

4. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, autorizando expresamente ó Concello para a comprobación da situación do solicitante respecto das obrigas tributarias e coa seguridade social.

No caso de que fosen apreciados defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou rectificación no prazo de dez días hábiles, arquivándose o expediente sen mais trámites de non efectuarse a mesma.

5.- CRITERIOS DE OUTORGAMENTO

Outorgaranse as axudas por orde de data de nacemento, adopción ou acollemento, ata esgotar o crédito previsto na partida correspondente.

No caso de incumprir os criterios de concesión das axudas, as cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

6.- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS

6.1.- O órgano instrutor será a traballadora social do Concello de Xermade ou o/a funcionario/ que o substitúa, en caso de ausencia.

6.2.- A Comisión de Valoración de Subvencións procederá a informar proposta de concesión de subvencións formulada pola instrutora, segundo os criterios previstos nas presentes bases. A proposta deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a subvención, a súa contía e os criterios de valoración que dean lugar á proposta.

A Comisión de Valoración de Subvencións terá a seguinte composición:

Presidente: o alcalde ou persoa en quen delegue.

Vogais: a concelleira delegada de servizos sociais e a educadora familiar.

Secretaria: o/a secretario-interventor do Concello.

6.3. Posteriormente á proposta informada pola Comisión de Valoración de Subvencións, a proposta pasará á Intervención Municipal para súa fiscalización.

Informada a proposta pola Intervención, a Xunta de Goberno Local (por delegación da Alcaldía) concederá as subvencións mediante resolución na que se especifique a relación de solicitantes ós que se conceden as subvencións e a desestimación das restantes solicitudes. O prazo máximo para resolver será de quince días hábiles contados a partir da finalización do prazo de solicitude das subvencións.

O outorgamento das subvencións notificarase ás persoas interesadas de acordo co establecido nos artigos 40, 41, 42, 43 e 44 da Lei 39/2015. A resolución da concesión farase pública, como mínimo, mediante exposición pública no taboleiro de anuncios municipal durante un prazo dun mes.

7.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Os beneficiarios das subvencións terán que averse ás seguintes obrigas:

1. O/A neno/a nacido/a, adoptado/a ou acollido/a debe permanecer inscrito/a no padrón polo prazo mínimo de tres (3) anos.

2. O/A neno/a nacido/a, adoptado/a ou acollido/a debe matricularse no CEIP de Xermade.

3. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando, para elo, canta información lles sexa requirida.

3. Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións de calquera entidade pública ou privada para a mesma finalidade.

8.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A xustificación, que será baixo a responsabilidade do declarante, farase coa presentación no Rexistro de Entrada do Concello, como máximo o día 30 de novembro de 2024, do modelo normalizado de solicitude de pagamento que se facilitará no Concello.

O pagamento da subvención concedida farase efectivo antes do 31 de decembro do 2024, sempre e cando os/as beneficiarios/as acrediten estar ao corrente coas obrigas tributarias e seguridade social.

9.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

O incumprimento do deber de que o/a neno/a figure empadroad/a no municipio e se matricule no CEIP de Xermade dará lugar á obriga do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

10.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto no Título IV da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto nestas bases será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como as Bases 44 a 51 das de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Xermade para o ano 2024.

Xermade, 10 de maio de 2024.- Alcalde-Presidente, Roberto García Pernas.

R. 1361

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO SECRETARÍA DO ESTADO DE ENERXÍA. DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA ENERXÉTICA E MINAS

Anuncio

Resolución de la Dirección General de Política Energética y Minas por la que se desestima la solicitud de Green Capital Development 123, S.L.U., de autorización administrativa previa para el parque eólico "Lucecú", de 115 MW de potencia instalada, y sus infraestructuras de evacuación, ubicados en los términos municipales de Guitiriz, Vilalba y Xermade, en la provincia de Lugo, y Aranga, en la provincia de A Coruña, acordando el archivo del expediente PEol-395.

De acuerdo con lo establecido en el artículo 53 de la Ley 24/2013, de 26 de diciembre, del Sector Eléctrico y en el Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre, por el que se regulan las actividades de transporte, distribución, comercialización, suministro y procedimientos de autorización de instalaciones de energía eléctrica, el Director General de Política Energética y Minas en base a los siguientes:

I. HECHOS

Primero.-Solicitud de autorización administrativa previa

Green Capital Development 123, S.L.U. (en adelante el promotor) solicitó, con fecha 08 de septiembre de 2020, subsanado con fecha 09 de diciembre de 2020, autorización administrativa previa para el parque eólico "Lucecú", de 115 MW, y sus infraestructuras de evacuación, ubicados en los términos municipales de Guitiriz, Vilalba, Xermade y Abadín, en la provincia de Lugo (en adelante también, el proyecto).

Con fecha 7 de septiembre de 2021, el promotor solicita ante esta Dirección General la modificación del proyecto, finalizando la evacuación en la subestación ABEGONDO 220 kV, en lugar de en la subestación XOVE 400 kV, ambas de Red Eléctrica de España, S.A.U., y modificándose con ello los términos municipales afectados que pasan a ser Guitiriz, Vilalba y Xermade, en la provincia de Lugo, y Aranga, en la provincia de A Coruña.

Segundo. – Admisión a trámite

Esta Dirección General acreditó que la solicitud de autorización administrativa previa del proyecto parque eólico "Lucecú" y sus infraestructuras de evacuación, en las provincias de Lugo y A Coruña, había sido presentada y admitida a trámite.

Tercero. – Tramitación de la solicitud conforme al Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre

Esta Dirección General da traslado del expediente al Área de Industria y Energía de la Subdelegación del Gobierno en Lugo y, posteriormente, da traslado de las modificaciones del proyecto a las Áreas de Industria y Energía de las Subdelegaciones del Gobierno en Lugo y A Coruña, como órganos competentes para la tramitación del expediente de solicitud de autorización conforme a lo dispuesto en el artículo 113 del Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre.

Conforme a lo dispuesto en el Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre, y en la Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación ambiental, la solicitud de autorización administrativa previa, acompañada del proyecto y estudio de impacto ambiental se somete a información pública, con la debida publicación en el

Boletín Oficial del Estado y Boletín Oficial de las provincias afectadas, habiéndose solicitado igualmente los correspondientes informes a las distintas administraciones, organismos y empresas de servicio público o de servicios de interés general en la parte que la instalación pueda afectar a bienes y derechos a su cargo, así como a los organismos que deben presentar informe conforme a la Ley 21/2013, de 9 de diciembre.

Con fecha 16 de agosto de 2022 se recibe el informe y el expediente de tramitación del Área de Industria y Energía de la Delegación del Gobierno en Galicia.

En fechas 22 de junio, 29 de noviembre y 27 de diciembre de 2021 y 24 de enero de 2022, se reciben en esta Dirección General sendos escritos del promotor solicitando el impulso administrativo del expediente.

Con fecha 30 de enero de 2023, tiene entrada escrito del promotor en esta Dirección General solicitando la paralización del trámite administrativo del expediente PEol-395, ante la necesidad de presentar un modificado del proyecto. En fecha 01 de marzo de 2023, el promotor solicita en un nuevo escrito que se deje sin efecto la paralización del trámite administrativo previamente solicitado.

Cuarto.-Evaluación de impacto ambiental practicada

